



Praza do Concello, 1  
15841 Santa Comba (A Coruña)  
Tlfs: 981 880 075  
Web: [www.santacomba.es](http://www.santacomba.es)  
eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 20240723

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/001179

**EXPEDIENTE:** 2024/G007/000014

De acordo co decreto da alcaldía núm. 899/2023 de data 26 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto martes de cada mes ás 9:30 horas (nove e media da mañá).

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

### RESOLVO

**Primeiro.-** Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **23 DE XULLO DE 2024 (martes)**, ás **09:30 horas (nove e media da mañá)**, na **sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello**, en primeira convocatoria e, de non haber "quorum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

### ORDE DO DÍA

ASUNTO/S
<b>1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:</b> - ORDINARIA núm. 2024/13 do 9 de xullo de 2024
<b>2.-LICENZAS DE OBRA.</b> a) Expediente nº: 2024/U022/000002 Promotor: Mª Josefa Blanco Caamaño Obra: "PROXECTO BASICO DE AMPLIACION DE VIVIENDA UNIFAMILIAR AISLADA" Situación: San Martiño. Fontecada Licenza de obra nº: 20/24  b) Expediente nº: 2023/U022/000038 Promotor: FINCA A FONTE S.C. Obra: "PROXECTO DE MELLORA DA EXPLOTACION GANDERIA EXISTENTE-CONSTRUCION DUNHA FOSA DE PURIN CUBERTA E UN ALMACEN" Situación: Santa Sabiña. Licenza de obra nº: 21/24
<b>3.- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.</b>
<b>4.- ROGOS E PREGUNTAS.</b>

**Segundo.-** Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto:

ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

A acta da sesión ordinaria núm. 2024/13, do 09 de xullo de 2024, foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 12/07/2024, rexistro de saída núm. 20240000003128/12-07-2024.

Esta resolución notificase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

- a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.
- c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada